

# AWS re/Start

## Descrición

O programa AWS re/Start – Certificación AWS Certified Cloud Practitioner é unha formación intensiva de iniciación dirixida a persoas sen experiencia técnica previa que desexen dar os seus primeiros pasos no sector IT. A través de 420 horas de formación 100 % virtual, o alumnado adquirirá competencias dixitais clave e unha sólida base en computación na nube con Amazon Web Services (AWS), o provedor líder de servizos cloud a nivel mundial.

Durante o curso, traballaranse contidos teórico-prácticos (40 % teoría / 60 % práctica) mediante exercicios, laboratorios e simulacións reais que preparan ao participante para desenvolverse en contornas profesionais cloud. O programa inclúe desde os fundamentos da nube e os servizos AWS, ata Linux, Python, redes, seguridade, bases de datos e deseño de arquitecturas na nube. Así mesmo, refórzanse habilidades transversais en empregabilidade, xestión de proxectos e ferramentas de colaboración.

Ao finalizar a formación, o alumnado estará preparado para presentarse ao exame oficial de certificación AWS Certified Cloud Practitioner, que valida coñecementos esenciais da nube e constitúe un primeiro paso cara a unha carreira profesional no ámbito tecnolóxico.

O curso busca impulsar a empregabilidade no sector IT, ofrecendo ás persoas participantes a oportunidade de acceder a perfís profesionais de alta demanda no mercado laboral actual.

Se estás interesado/a no programa, poder asistir a unha das sesións informativas virtuais (de aproximadamente 1 hora de duración) que se desenvolverán de xeito previa ao comienzo do curso:

- Martes 07/10 (ás 10:00 h.)
- Xoves 09/10 (ás 16:00 h.)
- Martes 14/10 (ás 12:00 h.)
- Venres 17/10 (ás 10:00 h.)
- Mércores 22/10 (ás 12:00 h.)
- Xoves 23/10 (ás 16:00 h.)
- Martes 28/10 (ás 10:00 h.)
- Xoves 30/10 (ás 12:00 h.)
- Martes 04/11 (ás 10:30 h.)
- Xoves 06/11 (ás 12:00 h.)

Asiste ás sesións en: [meet.google.com/vnt-djva-skj](https://meet.google.com/vnt-djva-skj)

## Obxectivos

Formar a persoas sen experiencia técnica previa en competencias dixitais clave, con especialización en computación na nube a través de servizos AWS. O curso busca facilitar a inserción laboral no sector IT, capacitando aos participantes para desenvolverse en contornas profesionais cloud.

## Dirixido a

Persoas interesadas, sen necesidade de coñecementos previos ou experiencia profesional, en iniciarse no mundo das solucións cloud nos produtos AWS (Amazon web services).

### BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

## Perfil do docente

Giacomo Corso Telle: Desarrollador Full Stack con ampla experiencia en desenvolvemento web, administración de sistemas e formación en tecnoloxías dixitais.

José Miguel Quesada Martín: Desarrollador de software especializado en back-end e tecnoloxías cloud, con experiencia como formador en desenvolvemento Full Stack e no programa AWS re/Start.

Cristina Fernández Rodríguez: Licenciada en Psicoloxía, cunha ampla traxectoria en formación para o emprego, orientación laboral e dinamización de competencias transversais.

**PROGRAMA** Programación 2025/26

**TIPO** CURSO

**MATRÍCULA** Gratuíta

**PERIODO INSCRICIÓN** 01/10/2025 - 06/11/2025

**PROBA DE SELECCIÓN** 10/11/2025 (12:00)

<b>CRITERIOS DE SELECCIÓN</b>	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
<b>Nº PRAZAS</b>	20 (Mínimo 16)
<b>METODOLOXÍA</b>	Virtual
<b>TIPO DE EDICIÓN</b>	Edición única mañá (desempregados/as e ocupados/as)
<b>DURACIÓN</b>	420 horas
<b>DATA INICIO</b>	24/11/2025
<b>DATA FIN</b>	20/03/2026
<b>HORARIO</b>	De luns a venres de 08:30 a 14:30 horas.
<b>LUGAR DE DOCENCIA</b>	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
<b>CERTIFICACIÓN OFICIAL</b>	Sí
<b>EXAME CERTIFICACIÓN</b>	AWS Certified Cloud Practitioner
<b>MÓDULOS TRANSVERSAIS</b>	Igualdade de 10 horas
<b>TECNOLOXÍA</b>	Cloud  AWS
<b>PERIODO DOCENCIA</b>	24/11/2025 - 20/03/2026

## Temario

1. Introducción á Nube e Fundamentos de AWS (50 h.)
2. Linux e sistemas operativos (70 h.)

3. Programación con Python (80 h.)
4. Redes e seguridade na nube (60 h.)
5. Bases de datos (40 h.)
6. Servizos e arquitectura cloud con AWS (70 h.)
7. Habilidades transversais e empregabilidade (40 h.)
8. Evaluación e preparación de certificación (10 h.)